




Un segredo do bosque

Javier Sobrino. Ilustracións de Elena Odriozola. OQO

Desde que o coñeceu, Esquíu non o podía quitar da cabeza. Cando pensaba nel, escurecíase a vista, íaselle a voz, e é que... Esquíu estaba namorada!



Turelí, tureló

Elzbieta. Ekaré

Lilí y Totó constrúen un xardín para que un paxariño poida facer o seu niño.



A viaxe de Pancho

Antonio Santos. Kalandraka
Aventuras dun elefantiño que consegue fuxir do circo.



Yo

Philip Waechter. Lóquez
Deliciosa obra na que un oso se ve, a si mesmo, moi ben (divertido, fantástico...) pero hai días que precisa algo máis...



LIBROS-DISCO



Canta o cuco: Uxía e Magín na casa de Manuel María

Cancións de Uxía Senlle e Magín Blanco. Ilustracións de Leandro Lamas. Galaxia
Letras Galegas 2016

Uxía e Magín poñen música aos poemas de Manuel María neste fermoso libro-disco cheo de ritmos e de cor.



Teatro de guiñol

Pirilampo. Ilustracións de Iván R. Galaxia

Novo libro-disco de Pirilampo, co que este grupo musical homenaxea o poeta Manuel María no ano no que se lle dedica o Día das Letras Galegas.

As letras das cancións son once poemas sacados das obras *As rúas do vento ceibe*, *Os soños na Gaiola* e *Terra Chá* de Manuel María.

Poderemos escoitar unha mestura de ritmos tradicionais con toques de rock e pop, e finaliza co poema *Biografía da muiñeira* que, por suposto, é a ritmo do citado baile.

Selección bibliográfica realizada polo Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros:

* **Biblioteca Central Rialeda. Perillo**

* **Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz**

* **Biblioteca Pública Municipal M^a José Trincado. Mera**

* **Biblioteca Pública Municipal M^a José Ruso. Dorneda**

* **Biblioteca Pública Municipal Manuel María. Oleiros**

* **Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós**

* **Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño. Lorbé**

Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en twitter @ [bibloleiros](https://twitter.com/bibloleiros)

Páxina web municipal: www.oleiros.org

Catálogo do fondo bibliográfico: <http://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/>

Biblioteca Central Rialeda
Avda. Rosalía de Castro, 227A
15172 Perillo - Oleiros
Tel.: 981 639 511
Fax: 981 639 996

Correo electrónico: biblioteca.rialeda@oleiros.org

Depósito Legal: C 1026-2016



Bibliotecas Públicas Municipais
Premio Nacional María Moliner 2011



Concello de Oleiros
Concellería de Cultura e Normalización Lingüística



Bibliotecas Públicas Municipais
Premio Nacional María Moliner 2011


Á brisa da lectura

Guía para nenos e nenas menores de 6 anos



Desde as bibliotecas municipais de Oleiros ofrecemos esta guía de lectura cunha selección de títulos que nos fan sorrir, emocionar e reflexionar, coa intención de que as nenas e os nenos máis pequenos pasen momentos agradables coa lectura en compañía dos seus pais, nais, irmáns, irmás ou outras persoas maiores.

Son libros que hai nas bibliotecas municipais e que poden levar en préstamo para as súas casas. Animamos a que as visiten, utilicen o servizo de préstamo e gocen coa lectura.



LIBROS PARA NENAS E NENOS MENORES 6 ANOS



Animais cores

Fiona Galloway. Engaiolarte
Para os que aínda non len, un libro-xogo con texturas e cores vivas para achegarse ao mundo dos animais.



Cancodrillo

Xabier López Mateos. Ilustracións de Javier Rey Feijoo e Silva González Sánchez. Linteo
Colección de distintos títulos nos que o protagonista, Cancodrillo, un ser de aparencia animal, metade can, metade crocodilo, cun fondo humano e infantil, enfrontarase a distintas situacións acompañado dun grupo de amigos de diferentes especies.



El buen lobito

Nadia Shireen. Cubilete
O día en que o bo lobiño se atopou cun lobo malo de verdade.



Chega un avión

José Campanari. Ilustracións de Simona Mulazzani. OQO
Simpático libro para divertir aos máis pequenos que non queren comer.



De que cor es ti?

Texto de Luis Rapela. Ilustracións de Špela Trobec. Embora.
Vrigo sabía que era un neno, pero non que era unha cor. O seu primeiro día de escola e coa compañía doutras nenas e nenos saberá que el é vermello, pero descubrirá que tamén os hai laranxa, amarelo, verde, azul, violeta e negro.
Con este xogo poderanse mostrar as distintas cores para que as nenas e os nenos máis pequenos as vaian coñecendo.



Este no es mi bombín

Jon Klassen. Milrazones
Medalla Caldecott de oro 2013.
Dose de humor xunto con maravillosas ilustracións.



Un gran sueño

Felipe Ubalde. Kalandraka
II Premio Internacional Compostela para álbums ilustrados
Fermosas ilustracións nesta obra que nos fala dos sonhos dun crocodilo.



Luna llena

Antoine Guilloppé. Macmillan
Fermoso álbum, realizado totalmente en branco e negro para acentuar máis o contraste, coas ilustracións troqueladas, de forma que parecen belidos encaixes. É unha noite de lúa chea e hai algo que alerta os animais do bosque. Que é ese ruído que os esperta? Baixo a temática da natureza, os animais e o misterio temos un espléndido libro no que se combina unha tenra e sinxela historia cun excelente traballo para a elaboración da obra.



¡Mío! No siempre es fácil compartir

Sally Anne Garland. Jaguar
Entrañable historia coa que moitas nenas e nenos se sentirán identificados sobre o difícil que, algunhas veces, pode resultar compartir.



El niño nuevo

Lauren Child. Juventud
O mundo de Elmore trócase de súpeto coa chegada dun novo irmán.



Onde estás, Caracol?

Susana Isern. Ilustracións de Leire Salaberria. OQO
Unha tarde cando comezaba a chover e Lagartiña corría para a súa casa, viu a Caracol que nese momento asomaba a cabeza. Aquela noite soñou con el e ao día seguinte decidiu ir buscalo... Fermosa obra que narra unha relación que parece imposible. Se se loita, con ilusión e imaxinación, poden superarse as diferenzas.



El oso en el parque de juegos

Dolf Verroen. Ilustracións de Wolf Erlbruch. Lóquez
O oso quere o parque para el só pero decátase de que cando está no balancín necesita a alguén no outro extremo...
Todos necesitamos dos outros nalgún momento da nosa vida.



La pequeña Amelia se hace mayor

Texto de Elisenda Roca. Ilustracións de Paula Bonet. Combel
Fermosa obra na que Amelia, unha nena pequena, nos invita a coñecer o seu mundo, no que todo é moi, moi grande, ou ela é moi pequena. Fálanos da aventura de medrar, pero tamén de coñecer e compartir.



Pomelo es elefantástico

Ramona Bádescu. Ilustracións de Benjamin Chaud. Kókinos
Un elefantiño diferente, que vive nun pequeno horto baixo unha flor de dente de león.



¿Quién puede vencer al viento?

Charo Pita. Ilustracións de Marion Arbona. OQO
Importancia da perseveranza e o agradecemento plasmados neste libro onde, para salvar os campos, só a tartaruga consegue traer a choiva por riba de animais máis poderosos.